

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 22 de agosto de 2023, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a tramitación dunha concesión administrativa de ocupación en superficie e do edificio 12.50.edf.008 (naves Escurís) e soto do edificio 12.50.edf.016 (casa Escurís), para o desenvolvemento da actividade de oficinas e invernaxe de embarcacións, solicitada por Pérez Queiruga e Hijos, S.L. no dominio público portuario da Pobra do Caramiñal (código 12-50-22-C-1).

Está en trámite unha concesión administrativa solicitada por Pérez Queiruga e Hijos, S.L. para a ocupación en superficie e do edificio 12.50.edf.008 (naves Escurís) e soto do edificio 12.50.edf.016 (casa Escurís), titularidade de Portos de Galicia, para o desenvolvemento da actividade de oficinas e invernaxe de embarcacións, de acordo coa Resolución de inicio de trámite, asinada pola Presidencia de Portos de Galicia o 8 de maio de 2023 e con base no Proxecto de acondicionamento dunha edificación para o seu uso como nave de invernaxe de embarcacións, e os seus anexos: anexo ao proxecto, anexo II e anexo III, asinados polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Carlos Ozores Nine, colexiado número 2084.

O anterior faise público para os efectos previstos no artigo 70 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG número 236, do xoves 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro, sitas na avenida do Porto, 5, 1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na web www.portosdegalicia.com

A Coruña, 22 de agosto de 2023

Lorena Solana Barjacoba
Xefa da Zona Centro

